

MAÑÁ SÁBADO 21 DE MARZO celébrase O DÍA MUNDIAL DA POESÍA, e como xa comezou a PRIMAVERA, propóñovos a seguinte actividade: trátase de intentar que os nenos/as aprendan este poema de Manuel María.



O ARCO DA VELLA

O ARCO DA VELLA
NO CEO SUBIDO
CO SEU COLORÍN
CO SEU COLORIDO.

O ARCO DA VELLA
CON SETE COLORES
QUE TEÑEN NO CEO,
BELEZA DE FLORES.

O ARCO DA VELLA
NO CEO CHANTADO
CO SEU COLORÍN,
CO SEU COLORADO.

O ARCO DA VELLA
É UN ARCO TRIUNFAL
CON SETE GUERREIROS
QUE A NINGUÉN FAN MAL.

O ARCO DA VELLA
DE LUZ FEITO É.
RESULTA UN MILAGRE
QUE SIGA DE PÉ.

O POEMA trae un MEMORÍMETRO...a ver cuántos cm. sodes quen de memorizar!!!

ESTE POEMA VEN MOI A CONTO, PORQUE, COMO BEN SABEREDES
NESTOS DÍAS, ESTÁNSE VENDO POLAS REDES SOCIAIS E POLAS FIESTRAS E
BALCÓNS PANCARTAS COS DEBUXOS DE ARCOS DA VELLA, FEITOS POR NENOS E
NENAS, CO LEMA:

“TODO IRÁ BEN”

ESTA INICIATIVA É UNHA MENSAXE DE OPTIMISMO QUE COMEZOU EN ITALIA
PARA QUE SAIBAMOS QUE DESPOIS DA TEMPESTADE VIRÁ A CALMA.



¿XA FIXESTES A VOSA PANCARTA CO DEBUXO DO ARCO DA VELLA?

¡ANÍMOVOS A TODOS A FACELA!

E CANDO REMATE TODO ISTO, TRAÉDELA Ó COLE E FACEMOS UNHA EXPOSICIÓN CON

ELAS..QUÉ VOS PARECE?

E AGORA, a divertirse un rato con .. UN POUCO DE BAILE..

<https://www.youtube.com/watch?v=z6DoPp-LkTA>

<https://www.youtube.com/watch?v=6bl4DJYBjNM>

<https://youtu.be/71hiB8Z-03k>

ÁNIMO A TODOS/AS!

TODO IRÁ BEN!

EU TAMÉN QUEDO NA CASA!